Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos		Código	652G02002
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Brenlla Blanco, Juan Carlos	Correo electrónico	juan.brenlla@udc.es	
Profesorado	Brenlla Blanco, Juan Carlos Fernández Fernández, María Pilar	Correo electrónico	juan.brenlla@udc.es pilar.fernandez1@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia xunto coa "Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos" configuran o Módulo de Formación Básica do Título: Procesos educativos, aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade de 6 a 12 anos (Orden ECI/3857/2007, do 29 de decembro). O núcleo de competencias básicas trata do coñecemento do desenvolvemento da psicoloxía evolutiva da nenez en concreto nos dominios cognitivo, social e afectivo-emocional.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Os contidos a tratar non serán alterados se non hai redución do calendario académico. Serán tratados mediante teleformación. 2. Metodoloxías As metodoloxías poden manterse todas pasando, no caso de Portafolio do alumnado, a modalidade non presencial mediante atención virtual con Teams Moodle e correo electrónico. No caso da metodoloxía da Proba mixta será realizada mediante Moodle, apoiándose en Teams para a xestión. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención personalizada será realizada mediante as ferramentas propias da UDC: Moodle e Microsoft 365 (Teams, correo electrónico, etc.) 4. Modificacións na avaliación As ferramentas electrónicas dispoñibles permiten manter a avaliación proposta na guía docente. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen trocos			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.
A3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A8	Coñecer os fundamentos da educación primaria.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
B1	Aprender a aprender.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.

B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer e comprender o desenvolvemento cognitivo/intelectual e modo de pensar característicos dos nenos e nenas na etapa de educación primaria.	A2		
Coñecer e comprender a evolución psicolóxica das nenas e dos nenos no nivel educativo de primaria.	A2 A3	B21 B22	
Coñecer e comprender os principais avances que se producen no domino socio-afectivo-emocional e moral dos nenos e nenas entre 6 e 12 anos.	A2 A7 A8	B24	
Identificar e analizar algunhas das características psicoevolutivas do alumnado na etapa de educación primaria, a través da observación, de autoinformes e estudos clínicos.	A2	B1 B5	
Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito dun pensamento diverxente.	A11	B1 B5 B23 B25	C6
Manexar ferramentas informáticas e utilizar distintos recursos da rede para a procura de información.		B1 B11	
Elaborar táboas, perfís, cadros .... para a presentación de datos, puntuacións ou información.		B1 B5	
Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios u observación.	A2	B1 B5	
Entender o caracter interactivo do proceso de ensino/aprendizaxe nas situacións educativas, e en consecuencia valorar a asistencia á clase como o contexto en que se materializará o mesmo.		B1 B5	C7
Valorar a participación, o diálogo e o debate, cunha actitude de respecto, tanto cara ás quendas como ás ideas, como formas de implicación activa e compromiso coa aprendizaxe.		B1 B5	C6 C7
Sensibilizarse, comprometerse activamente, responsabilizarse e avaliar o propio proceso de aprendizaxe, desenvolvendo hábitos de traballo, esforzo, responsabilidade e actitudes de curiosidade, rigor científico e interese pola aprendizaxe e o traballo ben feito.		B1 B5	C6 C7
Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación, coparticipación, compromiso e intercambio con outros e outras compañeiros e compañeiras e desenvolver formas de conversación e pensamento exploratorias que favorezan a comprensión e construción do coñecemento.		B1 B5	C6 C7
Recoñecer e valorar as diferenzas individuais rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidad		B5	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Introdución: bases epistemolóxicas-conceptuais, orientacións teóricas da Psicoloxía do Desenvolvemento	1.1.¿Que é a Psicoloxía do Desenvolvemento? 1.2. Determinantes do desenvolvemento psicolóxico 1.3. O papel da herdanza e o medio na determinación do desenvolvemento 1.4. Deseño básicos para a investigación evolutiva 1.5. Modelos e paradigmas da Psicoloxía do Desenvolvemento 1.6. Teorías centradas no proceso individual do coñecemento 1.7. Perspectiva etolóxica 1.8. Enfoque ecolóxico 1.9. Teorías centradas nos factores históricos-culturais e no ciclo vital 1.10. Teoría da mente 1.11. Métodos e deseños de estudo do desenvolvemento na aula
Tema 2. Desenvolvemento Cognitivo e Lingüístico	2.1. Actividades intelectuais 2.2. Intelixencia concreta: caracterización 2.3. Operacións concretas ou lóxico-matemáticas 2.4. Principais logros cognitivos na nenez 2.5. Logros en linguaxe e comunicación
Tema 3. Desenvolvemento social e afectivo	3.1. Autoconcepto e autoestima 3.2. Identidade sexual e xénero 3.3. Desenvolvemento social e moral 3.4. O xogo 3.5. Desenvolvemento do apego e as emocións 3.6. Interacción coa familia 3.7 Interacción cos iguais 3.8. O proceso de socialización 3.9. A representación do mundo social 3.10. A escola e os estudos sociométricos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B1 B21 B24	3	0	3
Sesión maxistral	A8 A3 B25 C6 C7	16	0	16
Portafolios do alumno	A2 A7 A11 B1 B5 B11 C6 C7	21	72	93
Proba obxectiva	A2 B22 B23	2	34	36
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levarán a cabo no inicio do proceso de ensino-aprendizaxe a fin de establecer as competencias, intereses e/ou motivacións iniciais que posúe o alumnado así como a explicación da finalidade que pretendemos coa asignatura e o seu lugar no proceso de ensinar e aprender. Así mesmo, pretenderemos estimular o coñcemento e actividade co obxeto de que participen na búsqueda e construcción de coñecemento novo.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de verdadeiro ou falso, resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Proba obxectiva Portafolios do alumno	A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula como en titorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo teórico e práctico e na elaboración dos informes pertinentes. Todo isto farase coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente. Así mesmo, a laboura desta é centrar ao alumnos, satisfacer as súas demandas para o ensino e aprendizaxe así como plantexar dúbidas, satisfacer a curiosidade e experimentar a actividade de aprender e construír coñecemento

Avaliación			
Metodoloxías	**Competencias**	**Descrición**	**Cualificación**
Proba obxectiva	A2 B22 B23	A avaliación teórica consistirá nunha proba obxectiva na que pode haber preguntas de verdadeiro ou falso ou tipo opción múltiple.	40
Portafolios do alumno	A2 A7 A11 B1 B5 B11 C6 C7	Traballo individual e en grupo que consiste na realización de actividades a facer na aula e fóra dela para cada un dos temas. Estas actividades colaborativas serán basicamente de orientación-execución ou demostración-práctica. Este portafolios que integra as metodoloxías de aprendizaxe cooperativo, traballos tutelados, estudo de casos, presentación oral, glosario análise de fontes documentais... será o material que se contemple na avaliación. Así como, trátase de coñecer e estudar algunhas das variábeis ou factores da aprendizaxe escolar mediante a elaboraración de informes/artigos en base a busca e análise de documentación científica e datos ou propostas educativas que estimulen a desenvolvemento de tales variables. Este traballos faranse en grupo.	60

Observacións avaliación

Teranse en conta dúas opcións.

Opción A. ALUMNADO QUE ASISTE E PARTICIPA NA CLASE (>85%):

Coñecementos prácticos:

Nas clases interactivas levarase a cabo o Portafolio do alumnado en pequeno grupo e individualmente constituíndo o 60% da nota final. O alumnado terá que asistir as clases interactivas para poder facer estas prácticas e entregalas dentro dos prazos establecidos. A asistencia ás prácticas é obrigatoria.

Coñecementos teóricos: Mediante a Proba mixta avaliaranse os coñecementos teóricos que constitúen o 40% da nota final.

Todas as prácticas e o exame serán puntuados nunha escala de 0 a 10 e logo aplicado o correspondente porcentaxe para o computo na nota final. A cualificación final será a suma entre a cualificación dos coñecementos teóricos e prácticos, esta suma só se realizará cando en cada unha das dúas partes (práctica e teórica) se obteña o 50% da puntuación posible.

Opción B. ALUMNADO QUE NON ASISTE E PARTICIPA NA CLASE (< 85%)

Só se poderán acoller a esta modalidade o alumnado: "Que en aplicación da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña"(aprobada en Consello de Goberno de 4 de maio de 2017), se lle recoñecera a condición de estudante a tempo parcial e solicitara ao Decano/a acorrespondente dispensa académica quedarán eximidos da obrigatoriedade de asistencia as sesións interactivas."

Así como o alumnado de Continuación de estudos na materia (repetidores)

Como non pode asistir as clases interactivas terá que realizar as tarefas individualmente dentro dos prazos establecidos.

Fontes de información

Bibliografía básica	- (). . MANUAIS, TEXTOS E COMPILACIÓNS XERAISAEBLI, H. (1985). Doce formas básicas de enseñar. Madrid: Narcea, 1988.AINSCOW, M. (2001). Desarrollo de escuelas inclusivas. Ideas, propuestas y experiencias para mejorar las instituciones escolares. Madrid, Narcea.AINSCOW, M.; BERESFORD, J.; HARRIS, A.; HoPKINS, D. y WEST, D. (2001). Crear condiciones para la mejora del trabajo en el aula. Manual para la formación del profesorado. Madrid: Narcea.Arnaiz, P. (2003) Educación inclusiva: una escuela para todos. Málaga: Ediciones Aljibe.BAÑA, M. (2000). A Psicoloxía educativa aplicada á educación. Santiago: TórculoBELTRÁN, J. y BUENO, J. A. (1995) Psicología de la Educación. Barcelona: Boixareu Universitaria.BERK, L. (1999) Desarrollo del niño y del adolescente. Madrid: Prentice-Hall.BERMEJO, V. (Coord.)(1994). El desarrollo cognitivo. Madrid. Síntesis.BOADA, H. (1986). El desarrollo de la comunicación en el niño. Barcelona: Anthropos.BOWER, T. (1979) El mundo perceptivo del niño. Madrid: Morata.BOWLBY, J. (1986) Vínculos afectivos: formación, desarrollo y pérdida. Madrid: Morata.BRADLEY, S. (1989). Concepciones de la infancia. Madrid: Alianza.BRONFENBRENNER, U. (1987) La ecología del desarrollo humano. Barcelona: Paidós.BRUNER, J. (1988) Desarrollo cognitivo y educación. Madrid: Morata.CARRETERO, M. y GARCIA-MADRUGA, J. (Comps.)(1984). Lecturas de psicología del pensamiento. Madrid: Alianza Psicología.COLL, C. (1987): Psicología y currículum. Barcelona, Laia.COLL, C y otros (2000) El constructivismo en el aula. Ed Grao COLL, C. (2007) Una encrucijada para la educación escolar. Cuadernos de pedagogía, 370, 19-23COLL, C., PALACIOS, J. y MARCHESI, A. (1990) Desarrollo psicológico y educación, II. Psicología de la Educación. Madrid: Alianza Editorial.COMELLAS,M.J. y PERPINYA,A. (1984) La psicomotricidad en preescolar. Barcelona: CEAC.CORRAL, A. (1 994). Capacidad mental y desarrollo. Madrid: Visor.DELVAL, J. (Comp.) (1978) Lecturas de psicología del niño. Vol.1 y Vol.2. Madrid: Alianza.DEMAUSE, Li. (1 974). Historia de la infancia. Madrid: Alianza, 1982.DONALSON, M. (1979) La mente de los niños. Madrid: Morata.DUNN, J. (1993) Los comienzos de la comprensión social. Buenos Aires: Nueva Visión.ECHEITA, G. (2006). Educación para la inclusión o educación sin exclusiones. Madrid: Narcea. ELBOJ, C. y cols. (2002). Comunidades de aprendizaje. Transformar la educación. Barcelona: Editorial Graó.ENESCO, 1. (2000). Psicología del Desarrollo. Enciclopedia Micronet. . Htpp//www.encicionet.esERIKSON, E.H. (1980) Identidad, juventud y crisis. Madrid: Taurus.FLAVELL, J. H. (1992). Desarrolla cognitivo. Nueva edición revisada. Madrid: Visor, 1993FOSS, B. (1978) Nuevas perspectivas en el desarrollo del niño. Madrid: Fundamentos.FURTH, H.G. y WACHS, H. La teoría de Piaget en la práctica. Buenos Aires: Kapelusz.GARCIA-MADRUGA, J.A. (1991). Desarrollo y conocimiento. Madrid: Siglo XXI. GARTIN, B.C., MURDICK, N.L., IMBEAU, M., y PERNER, D.E. (2002). How to use differentiated instruction with students with developmental disabilities in the general education classroom. ALEXANDRIA, VA: A Publication of the Developmental Disabilities of the Council for Exceptional ChildrenGARVEY, C. (1985) El juego infantil. Madrid: MorataGARVEY, C. (1986) Lenguaje infantil. Madrid: Morata. GINÉ, C. y FONT, J. (2007). El alumnado con discapacidad intelectual y del desarrollo. En Joan Bonals y Manuel Sánchez-Cano (coord.) Manual de asesoramiento pedagógico (pp. 879-914). Barcelona: Editorial Grao.GONZÁLEZ, Ma C. Y TOURÓN, J. (1992). Autoconcepto y rendimiento escolar. Pampiona: EUNSA.GONZÁLEZ-CUENCA, A.M.; FUENTES, M.J.; DE LA MORENA, M.L. y BARAJAS, C. (1995) Psicología del desarrollo. Teoría y prácticas. Málaga: Aljibe.GOOD, T.L. y BROPHY, J.E. (1983) Psicología educacional. México: Interamericana.GREGORY, G.H. y CHAPMAN, C. (2002) Differentiated Instructional Strategies. Thousand Oaks, Ac: Corwin Press. HARRIS, P. (1992) Los niños y las emociones. Madrid: Alianza.HERNANDEZ DE LA TORRE, E. (1997). El grupo clase y sus diferencias individuales desde la perspectiva significativa del aula. En P. Darder y J. Gairín (Coords.). Organización y gestión de centros educativos (pp.114-120). Barcelona: Praxis.HOFFMAN, L.; PARIS, S. y HALL, E. (1995) Psicología del desarrollo hoy. Vol.1 Madrid: McGraw-Hill.INHELDER, B. y PIAGET, J. (1 955). De la lógica del niño a la lógica del adolescente. Buenos Aires: Paidós, 1972.INHELDER, B., SINCLAIR, H. y BOVE, M. (1975). Aprendizaje y estructuras del conocimiento. Madrid: Morata.KAIL, R. (1984) El desarrollo de la memoria en los niños. Madrid: Siglo XXI.KAMII, C. y DEVRIES, R. (1977). La teoría de Piaget y la educación preescolar. Madrid: Pablo del Río, 1988.KAYE, K. (1986) La vida mental y social del bebé. Barcelona: Paidós.KIMMEL, D. Y WEINER, 1. (1995). La adolescencia: una transición del desarrollo. Barcelona: Ariel, 1998.KOZULIN, A. (1990). La psicología de Vygotsky. Madrid: Alianza Psicología, 1994.LANE, H. (1979). El niño salvaje de Aveyron. Madrid: Alianza, 1984.LANGFORD, P. (1987). El desarrollo del pensamiento conceptual en la escuela primaria. Madrid: Paidós/MEC, 1989.LINAZA, J. y MALDONADO, A. (1987) Los juegos y el deporte en el desarrollo psicológico del niño. Barcelona: Anthropos.LINAZA, J. (1985) El desarrollo físico y motor. Madrid: Ministerio

de Educación.LINAZA, J. (1991) Jugar y aprender. Madrid: Alhambra Longman.LOPEZ, F. (1985) La formación de los vínculos sociales. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia.LURIA, A.R. y YUDOVICH, F.I. (1984) Lenguaje y desarrollo intelectual en el niño. Madrid: Siglo XXI.MARTÍN, C. (1999) Psicología del desarrollo y de la educación en edad escolar. Valladolid: Ámbito.NELSON, C. (1988) El descubrimiento del sentido. Madrid: Alianza.NICKERSON, R.S., PERKINS, D.N. y SMITH, E.E. (1985). Enseñar a pensar. Aspectos de la aptitud intelectual. Madrid: Paidós/MEC,OVEJERO, A. (1990). El aprendizaje cooperativo: una alternativa eficaz a la enseñanza tradicional. Barcelona, PPU.PARRILLA, A. (2001): 0 Longo camiño cara a Inclusión». Revista Galega do Ensino, 32 pp. 35-54PALACIOS, J., MARCHESI, A. y COLL, C. (Comps.)(1 990). Desarrollo psicológico y educación. VoL 1. Madrid: Alianza.PALACIOS, J.; MARCHESI, A. y CARRETERO, M. (1985) Psicología Evolutiva (3 vols.) Madrid: Alianza.PAPALIA, D. Y WENDKOS, S. (1992) Psicología del desarrollo. De la infancia a la adolescencia. Madrid: McGraw-Hill.PÉREZ GÓMEZ, A. y ALMARAZ, J. Lecturas de aprendizaje y enseñanza. Madrid: Zero S.APEREZ DE LARA, N. (1998). La capacidad de ser sujeto. Barcelona, Paidós.PERRET-CLERMONT, A-N. La construcción social de la inteligencia en la interacción socíal Madrid: Visor.PIAGET, J. e INHEIDER, B. (1966). La psicología del niño. Madrid: Morata, 1975.PIAGET, J. (1978) Seis estudios de psicología. Barcelona: Seix Barral.PIAGET, J. e INHELDER,B. (1981) Psicología del niño. Madrid: Morata.PIAGET,J. (1983) El criterio moral en el niño. Barcelona: Fontanella.POZO, J.I. (1987). Aprendizaje de la ciencia y pensamiento causa¡. Madrid: Visor.POZO, J.I. (1996) Aprendices y maestros. La nueva cultura del aprendizaje. Madrid: Alianza editorial.POZO, J.¡. (1996). Teorías cognitivas del aprendizaje. Madrid: Morata.Pujolas, P. (2001) Atención a la diversidad y aprendizaje cooperativo en la educación obligatoria. Málaga: AljibeRODRIGO, M.J. (1994) Contexto y desarrollo social. Madrid: Síntesis.SCHAFFER, R.H. (1994) Decisiones sobre la infancia. Madrid: Aprendizaje/Visor.SELIGMAN, M.E.P. (1975). Desarrollo emocional y educación. Madrid: Debate.SIEGEL, I.S. y BRAINERD, C.J. (1983). Alternativas a Piaget. Madrid: Pirámide.SIGUAN, M. (Comp.) (1986) Estudios sobre Psicología del lenguaje infantil. Madrid: Pirámide.SINCLAIR, H. y otros (1982).Los bebés y las cosas. La creatividad del desarrollo cognoscitivo. Barcelona: Gedisa, 1983. STAIMBACK, S. y STAIMBACK, W. (1999): Aulas inclusivas. Madrid: NarceaTOMLINSON, C. A. (2000) Differentiation of Instruction in the Elementary Grades. ERIC Digest. ED443572 2000-08-0TURIEL, E.; ENESCO, I y LINAZA, J. (Comp.) (1989) El mundo social en la mente infantil. Madrid: Alianza. UNESCO (1994): Declaración de Salamanca. Conferencia Mundial sobre Necesidades Educativas Especiales: acceso y calidad. Salamanca, Unesco.UNESCO (2001) Understanding and responding to children´s needs in inclusive classrooms. A guide for teachers. Paris: UNESCO.VASTA, R.; HAITH, M.M. y MILLER, S.A. (1996) Psicología Infantil. Barcelona: Ariel.VILA, I. (1990) Adquisición y desarrollo del lenguaje. Barcelona: Graó.VILLIERS, P.A. y VILLIERS, J.G. (1980) Primer lenguaje. Madrid: Morata.VYGOTSKI, L. (1977) Pensamiento y lenguaje. Buenos Aires: Pléyade.VYGOTSKI, L.S. (1979) El desarrollo de los procesos psicológicos superiores. Barcelona: Crítica.WELLMAN, H.M. (1 990). Desarrollo de la teoría de/ pensamiento. Bilbao: Desclée de Brouwe

Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías